



ANEXO II. - MODELO DE INSTANCIA.

D./Dña. , con
DNI /NIE número e domicilio a
efectos de notificacións e comunicación en
CP localidade telf
Dirección Electrónica Habilitada:
(indicar so no caso de que desexe que as notificacións lle sexan practicadas
de xeito telemático)

EXPÓN:

- 1º).- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a creación dunha bolsa de emprego de Auxiliar Administrativo como persoal funcionario interino segundo as bases publicadas no BOP de data:
- 2º).- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4ª de selección para participar no presente proceso selectivo e no caso de obter a praza comprométome a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 70/1979.
- 3º) Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.
- 4º) Que estou en posesión da titulación esixida nas presentes bases ou en condicións de obtela á data de remate de presentación de solicitudes do presente proceso selectivo.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, achegando a estes efectos a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA
(marcar cun x a documentación que se presenta).

- ☐ Xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame.ⁱ
- ☐ Copia do DNI. (so necesaria no caso de non presentar a instancia a través da sede electrónica do Concello de Oroso).
- ☐ Certificado CELGA nivel 3 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 3 segundo a Orde do 16 de



xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014.

☐ Certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia ou no Decreto 123/2021, do 2 de setembro (nivel básico ou superior)

Solicita realizar as probas en (marque unha opción):

☐ Castelán.

☐ Galego

Pola presente autorizo coa miña sinatura a cesión dos datos contidos na presente instancia e na documentación que se acompaña ao Concello de Oroso, con dirección na Praza Isaac Díaz Pardo nº 1, 15888 – A Coruña; info@oroso.gal, a fin de que ese Concello poida utilizalos para todos os trámites relacionados directa ou indirectamente co presente proceso de selección, así como a xestión administrativa do mesmo. Igualmente autorizo ao Concello de Oroso á conservación dos datos facilitados mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en todo caso durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas derivadas do presente proceso de selección.

Lugar e data

Asdo

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OROSO.

i Para ser admitido no presente proceso de selección é requisito imprescindible achegar o xustificante de pagamento da taxa á que fan referencia as bases de selección.